

PLAN GALEGO ANTI VIH/SIDA E OUTRAS INFECCIÓN DE TRANSMISIÓN SEXUAL

As infeccións de transmisión sexual (ITS) constitúen un importante problema de saúde pública no mundo. Son unha das principais causas de enfermidade aguda, infertilidade e discapacidade a longo prazo, que ocasionan graves consecuencias médicas e psicolóxicas para millóns de persoas, e con importantes custos económicos e sociais.

Por tal motivo dende a Consellería de Sanidade danlle un importante pulo ás actuacións sobre as ITS integrándoas, por primeira vez, no plan que actualmente xa existe para unha ITS particular que é a infección polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH), e que pasará a denominarse “Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS). 2015-2018” *[enlace](#)].

Neste plan considéranse ITS, non só aquelas infeccións nas que as relacións sexuais son o mecanismo case exclusivo de transmisión, senón tamén aquelas nas que estas relacións son un mecanismo importante de transmisión e/ou teñen relevancia dende o punto de vista epidemiolóxico.

Clasicamente só se consideraban ITS a sífilis, a gonococia, o linfogranuloma venéreo (LGV), o granuloma inguinal, o chancro brando, e demais infeccións bacterianas cuxa transmisión é case exclusivamente sexual. Pero a realidade é que están descritos máis de 30 microorganismos entre bacterias, virus, fungos e protozoos implicados en infeccións que se poden transmitir sexualmente. Ademais, tamén se poden producir infestacións como a pediculose pública por piollos pato (“ladillas”) ou a sarna.

As estratexias para deter a expansión da infección polo VIH frearon tamén o avance da maioría das ITS. A medida que avanza a pandemia de sida, vese a necesidade de incorporar medidas para controlar as outras ITS, algunhas delas ben coñecidas, que se manifestan como excelentes compañeiras de viaxe da infección polo VIH/sida. Estas políticas recóllense nos plans antisida e tenden a incluír as outras ITS xa que comparten estratexias de prevención, grupos de intervención, a coinfección é frecuente e, especialmente, as que producen lesións ulcerativas, favorecen a transmisión do VIH e este a transmisión doutras ITS. Polo tanto o plan integrado permitirá aproveitar sinerxías e compartir recursos, mellorando a eficiencia das intervencións.

Nos países desenvolvidos, a detección precoz e a terapia antibiótica conseguiron unha diminución de enfermidades tal

como a sífilis e a gonococia. Non obstante, segundo a OMS, cada ano rexístranse, en todo o mundo, máis de 448 millóns de casos novos curables de ITS (bacterianas e protozoarias) entre homes e mulleres de idades comprendidas entre os 15 e os 49 anos. Tamén se producen todos os anos millóns de ITS atribuíbles principalmente ao VIH, herpesvirus humanos, ao virus do papiloma humano (VPH) e ao virus da hepatite B.

Con carácter xeral, as ITS, sobre todo o VIH, afectan máis a poboacións con baixos recursos e as infeccións bacterianas afectan especialmente a poboación nova e mulleres. Se ben, como se comenta, a maioría das ITS e as súas consecuencias afectan máis ás persoas de países en vías de desenvolvemento, as rexións desenvolvidas non se libran desta epidemia mundial. Nestas últimas, a incidencia da gonococia e a sífilis diminuíu nos 80 grazas á mellora dos servizos sanitarios e aos cambios dos comportamentos debidos á aparición do VIH/sida. Non obstante, nos últimos anos estase a apreciar un incremento das ITS asociado a un aumento das prácticas de risco. Nos países desenvolvidos, as tendencias socioculturais e os movementos migratorios fan prever un aumento da morbilidade. Ademais, a aparición de resistencias fronte aos fármacos de uso habitual, sobre todo para tratar o gonococo e a *Chlamydia trachomatis*, pode empeorar esta situación.

Na nosa comunidade, a vía de transmisión sexual é a máis importante en enfermidades como a infección polo VIH, infeccións polo VPH, o herpes xenital simple e a hepatite B. Algunhas destas infeccións teñen ademais especial importancia porque poden pasar da nai ao fillo durante o embarazo, parto ou lactación.

En Galicia, igual que sucede no resto de España ou de Europa Occidental, a infección polo VIH e outras ITS afectan maioritariamente aos homes. Se nos referimos á transmisión heterosexual, no período 2004-2013, a infección polo VIH en Galicia afecta case por igual a homes e mulleres cunha razón home/muller de 1,4. Neste mesmo período, esta vía de transmisión supuxo o 76 % dos casos de VIH declarados en mulleres residentes en Galicia, o que nos orienta sobre onde centrar os esforzos na prevención [enlace](#)].

A prevención no novo “Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS). 2015-2018” artéllase en cinco grandes eixos que se poden consultar no Apéndice.

<http://dxsp.sergas.es>

“PURA ALEGRIA”: EFECTOS ADVERSOS RELACIONADOS CO SEU CONSUMO

De se lle presentar na consulta un paciente con clínica propia dunha disfunción do lóbulo temporal e de tratarse dunha persoa que tiña estado tomando algún produto anunciado como reductor de grasa, sospeite que poda tratarse do produto “Pura Alegría”, complemento alimenticio, ao que se

lle atribúen tamén propiedades curativas e rehabilitadoras, comercializado por unha empresa mexicana a través de internet, e do que se ten declarado unha alerta por risco para a saúde [aecosan](#)], despois de identificarse varios casos en Cataluña; e, como calquera alerta, compre chamar ao SAEG.

PLAN GALEGO ANTI VIH/SIDA E OUTRAS INFECCIÓN DE TRANSMISIÓN SEXUAL

Os cinco grandes eixos do plan son:

1.- Prevención primaria:

- Aumentar e mellorar a información sobre as vías de transmisión e as medidas de prevención da infección polo VIH e outras ITS, tanto na poboación xeral como nos colectivos máis vulnerables.
- Fomentar as prácticas sexuais seguras nos diferentes grupos de poboación e a redución de riscos.
- Mellorar a comunicación, especialmente na mocidade, e incorporar novas ferramentas como as tecnoloxías da información e comunicación (TIC).

2.- Diagnóstico precoz:

- Promover a identificación de prácticas de risco e de signos e síntomas da infección polo VIH e outras ITS.
- Aumentar a realización da proba do VIH desde os centros de atención primaria e potenciar novas ferramentas como as probas rápidas de VIH en fluído oral en persoas con dificultades de acceso ao sistema sanitario.
- Promover a realización periódica da proba do VIH e outras ITS en determinados grupos.
- Estudar os contactos sexuais das persoas con diagnóstico de infección polo VIH ou outra ITS.

3.- Garantir a asistencia sanitaria e o tratamento das persoas con infección polo VIH e outras ITS en Galicia:

- Promover a posta en marcha de medidas que garantan o acceso ao sistema sanitario e identificar e eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso.

4.- Reducir o estigma e a discriminación das persoas afectadas polo VIH:

- Eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o respecto dos seus dereitos.
- Atender a opinión e as demandas das persoas afectadas.
- Loitar contra o estigma e a discriminación destas persoas en calquera eido.

5.- Promover o acceso aos servizos e prestacións sociais:

- Achegar os servizos sociais e facilitar o acceso ás prestacións sociais ás persoas afectadas con mala situación socioeconómica.